

Formación en Competencias Clave

no Campus Virtual de Empleo Galicia



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 21-22

Índice

- A importancia das Competencias Clave
- Cursos dispoñibles
- Que imos atopar en cada curso?
 - Contidos
 - Cuestionarios
 - Exemplos de exames resoltos
 - Vídeo clases
 - Banco de exames

1. Importancia das Competencias Clave

Para acceder ás **accións formativas para o emprego** dos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3 que organiza o Servicio Público de Emprego de Galicia, o alumnado deberá estar en posesión, antes de iniciar o curso, de determinadas titulacións mínimas ou ter as **competencias clave necesarias**, para cursar con aproveitamento a formación correspondente ao certificado de profesionalidade.

Polo tanto:

Superar as probas de Competencias Clave supón a **porta de acceso** á formación para o emprego de maior nivel, para aquelas persoas que non dispoñen das titulacións requiridas, **ou se estas non están recoñecidas ou homologadas** en España.

2. Cursos dispoñibles

Se teñen desenvolvido os 8 cursos correspondentes aos niveis 2 e 3 de competencias clave en cada materia:

- | | | |
|--|---------|---------|
| ▪ Comunicación en Lingua Galega | Nivel 2 | Nivel 3 |
| ▪ Comunicación en Lengua Castellana | Nivel 2 | Nivel 3 |
| ▪ Comunicación en Lingua Inglesa | Nivel 2 | Nivel 3 |
| ▪ Matemáticas | Nivel 2 | Nivel 3 |

Obxectivo: que as persoas interesadas **poidan prepararse**, en modo autoformación, ao seu ritmo e de forma flexible, para superar as probas oficiais de competencias clave, cando estas sexan convocadas.

3. Que imos atopar en cada curso?

Contidos en formato SCORM

formato específico para plataformas de teleformación

Contidos en formato PDF


descargables ao computador persoal

Cuestionarios con corrección automática

relacionados cos contidos de cada tema

Boletíns de exercicios e solucións en formato PDF

con material adicional para practicar



The screenshot shows the course interface. At the top, it says 'INICIO' and displays the logos for 'XUNTA DE GALICIA' and 'CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE'. Below this, the course title is 'Formación en Competencias Clave - Comunicación en Lingua Galega - Nivel 2'. The main content area is titled 'TEMA 1. EXPRESIÓN ORAL EN DIFERENTES AMBIENTES'. Under this title, there are two sections: 'Contidos' and 'Exercicios'. The 'Contidos' section has a green circular icon and lists 'Tema 1. Expresión oral en diferentes ambientes'. Below this, there is a text block: 'Unha vez que complete o estudo dos contidos neste enlace, **poderá descargarlos en formato PDF** ao seu computador.' The 'Exercicios' section has a red circular icon and lists 'Cuestionario do tema 1'. Below this, it says '0 de 0 Intentada'. A text block follows: 'Unha vez que complete a revisión e estudo dos contidos do tema, realice este cuestionario en liña para valorar a súa aprendizaxe. **Unha vez superado este cuestionario poderá descargalo en formato PDF** xunto con algunhas preguntas adicionais e as súas solucións, para posteriores referencias.' At the bottom of the 'Exercicios' section, there are two red circular icons: 'Boletín de exercicios do tema 1' and 'Solucións aos exercicios do tema 1'. Blue lines connect the text on the left to these specific elements in the screenshot.

3.1. Contidos. Formato SCORM

- Específico para teleformación
- Interactivo
- Mantén rexistro da evolución no tema
- Accesible a través de internet



Tema 1. Expresión oral en diferentes ambientes

Tema 1. Expresión oral en diferentes ambientes

- 1. Identificación das variedades sociais da lingua
- 2. Identificación dos códigos oral e escrito
- 3. Toma de notas durante a exposición oral
- 4. Identificación de feitos e opinións
- 5. Busca de palabras en dicionarios utilizando a orde alfabética
- 6. Resumo

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

Competencias Clave
Comunicación en Lingua Galega - Nivel 2

2. Identificación dos códigos oral e escrito

Os humanos comunicámonos sobre todo a través das linguas naturais que presentan características que as fan únicas. Así, cun número reducido de fonemas podemos construír infinidad de unidades cada vez máis complexas, provistas de significado e significante.

Estas linguas teñen dúas realizacións básicas: oral e escrita. O uso dunha ou outra vai depender do contexto, da situación en que se atopen o emisor e o receptor no momento da comunicación.



A **lingua oral** é a forma máis natural de comunicarse cos demais individuos, pois é a que emprega o ser humano dende hai milleiros de anos e a que primeiro empezamos a utilizar dende que aprendemos a falar.

A **lingua escrita** xorde para substituír a lingua oral, aínda que non é unha simple transcripción súa, pois cada unha ten as súas propias características.

Características da lingua oral	Características da lingua escrita
	<p>Trátase dunha comunicación espontánea e menos coidada.</p> <p>É unha comunicación inmediata.</p> <p>É unha comunicación efémera.</p> <p>Utiliza abundantes elementos non verbais: distancia co interlocutor, vestimenta, ritmo, volume, entoación...</p> <p>Emprega a canle auditiva-visual. Percíbese sobre todo polo oído, pero tamén podemos observar o interlocutor. Así, reforzamos a mensaxe con movementos do corpo, coa mirada...</p> <p>Uso de palabras comodín: cousa, traste, isto...</p>


3.2. Contenidos. Formato PDF

- Para a súa descarga ao computador persoal
- Permiten o estudo e repaso do temario en calquera momento e lugar



3.3. Cuestionarios de corrección automática

- Permiten á persoa realizar unha avaliación dos coñecementos adquiridos, obtendo o resultado de forma inmediata
- Cada tema conta co seu cuestionario asociado, para que cada persoa poida validar os seus coñecementos antes de pasar ao seguinte



The screenshot displays the 'EMPREGO GALICIA CAMPUS VIRTUAL' interface. The user is logged in as 'XABIER SANCHEZ SANTOS'. The navigation menu includes 'Inicio', 'Panel de control', 'Eventos', 'Os meus cursos', and 'Curso actual'. The current page is 'Cuestionario do tema 3' under 'Tema 3. Discusión e debate'. The questionnaire consists of three questions:

Pregunta 1: Indique a afirmación correcta. (Puntuado sobre 1,00)

Seleccione unha:

- a. A discusión ten un discurso non planificado ou espontáneo
- b. Na discusión, unha persoa expón un tema ante un auditorio
- c. O debate adoita ter un discurso non planificado e organizado
- d. A discusión e o debate son actividades fundamentalmente escritas

Pregunta 2: Indique a afirmación incorrecta. A práctica da discusión e o debate permiten: (Puntuado sobre 1,00)

Seleccione unha:

- a. Fomentar a cooperación e respectar a diversidade de opinións.
- b. Fomentar o traballo individual
- c. Desenvolver un pensamento crítico e habilidades de pensamento
- d. Desenvolver habilidades comunicativas

Pregunta 3: Que disciplina se encarga do estudo da cortesía? (Puntuado sobre 1,00)


Seleccione unha:

- a. Lingüística
- b. Sintaxe
- c. Pragmática
- d. Gramática

On the right side, there is a 'Navegación da proba' section with a progress indicator (1-6) and a 'Comezar unha nova vista previa' button. Below that is 'Informes configurables' with a link to 'Informe de asistencia a sesións de videoconferencia'. At the bottom right is a 'Navegación' section with links to 'Inicio do sitio', 'Páxinas do sitio', and 'Os meus cursos' (including ProbaAuto, CLI-N3, CM-N3, CLC-N3, CLG-N3, CLI-N2, and CM-N2).

3.4. Exemplos de exames resoltos

- Cada curso dispón de, cando menos, dous exemplos de modelo de exame para esa competencia, de corrección automática
- Deste xeito, a persoa poderá realizar unha simulación completa da proba da competencia, de cara a determinar o seu nivel de preparación para a proba real
- Unha vez realizados, poden ser descargados en formato PDF xunto coas solucións



MODELOS DE EXAME

Nesta sección pode realizar modelos de exames semellantes aos oficiais para practicar. **Estes exames non teñen validez avaliativa para a superación da competencia clave** e unicamente se inclúen como apoio ao material de estudo. Unha vez supere estes exames modelo, poderá descargarse os mesmos con preguntas adicionais e as súas respostas, así como acceder a exemplos de exames reais de convocatorias anteriores para seguir practicando.

- Modelo de exame
0 de 0 Intentada
- Modelo de exame oficial
0 de 0 Intentada
- Vídeo: corrección do modelo de exame oficial
- Modelo de exame con solucións
- Modelo de exame oficial con solucións
- Banco de exames

Neste cartafol podes acceder a **exames oficiais de edicións anteriores** da convocatoria desta competencia clave, para que poidas empregalos nas túas prácticas.

3.5. Vídeo clases

- Cada curso dispón dun vídeo no que unha persoa titora resolve os exercicios do modelo de exame oficial proposto, xustificando e explicando o motivo de cada unha das respostas

The screenshot shows a video player interface. At the top, there is a small video feed of a woman speaking. Below it, a browser window displays a PDF document titled 'SL_CCLAVE_N2_GALEGO_COMPLETO.pdf'. The document content includes a text excerpt and three multiple-choice questions:

prendido o trebello para que, no básico, nos teña a conciencia e os ollos ocupados. [...].
(Extraído de: Francisco Castro *In vino veritas* Galaxia, 2011, Vigo)

6. No texto, a palabra *solemne* significa:

- A. Cerimoniosa.
- B. Importante.
- C. Respectuosa.

7. No texto, a palabra *aborrecida* significa:


- A. Aburrida.
- B. Odiosa.
- C. Anoxada.

8. Segundo o texto, antes a xente sentaba á luz do candil...

The video player interface also shows a taskbar at the bottom with system icons and a search bar.

3.6. Banco de exames

- Por último, cada curso dispón dun banco de exames reais correspondentes a convocatorias anteriores da competencia clave en cuestión, para que a persoa poida realizar máis prácticas



MODELOS DE EXAME

Nesta sección pode realizar modelos de exames semellantes aos oficiais para practicar. **Estes exames non teñen validez avaliativa para a superación da competencia clave** e unicamente se inclúen como apoio ao material de estudo. Unha vez supere estes exames modelo, poderá descargarse os mesmos con preguntas adicionais e as súas respostas, así como acceder a exemplos de exames reais de convocatorias anteriores para seguir practicando.

- Modelo de exame
0 de 0 Intentada
- Modelo de exame oficial
0 de 0 Intentada
- Vídeo: corrección do modelo de exame oficial
- Modelo de exame con solucións
- Modelo de exame oficial con solucións
- Banco de exames

Neste cartafol podes acceder a **exames oficiais de edicións anteriores** da convocatoria desta competencia clave, para que poidas empregalos nas túas prácticas.

